

MANIFESTO

DÍA INTERNACIONAL DO VOLUNTARIADO

5 decembro de 2016

No Día Internacional do Voluntariado, que se celebra o próximo 5 de decembro, a Plataforma do Voluntariado de España anímvos a reivindicar a solidariedade como resposta.

Reclamémola, individualmente, de forma colectiva e a través das organizacións sociais que representan os intereses das persoas máis fráxiles, das menos poderosas.

A forza da solidariedade xera verdadeira riqueza. Garante a transformación de realidades e é antídoto contra a inxustiza, especialmente nestes tempos de incerteza onde os medos afloran e levantan muros protectores fronte á ameaza “que vén de fóra”. Precisamente agora invitámosvos a construír espazos de paz, de convivencia, espazos a medida das persoas.

Animámosvos a plantar cara ao individualismo, a sumarvos a esta cadea humana de voluntariado integrada por xente normal e corrente. Por case 4 millóns de persoas decididas a transformar o mundo e a mollarse.

Para lograr impulsar cambios profundos na nosa sociedade pedimos aos poderes políticos que apoiem ás organizacións sociais no seu labor diario, que apoiem a quen nos peores momentos atenden esas parcelas de exclusión que apenas interesan a ninguén.

Solicitamos apoio para facer visible o voluntariado, os seus diferentes ámbitos, pero sobre todo os seus efectos terapéuticos nunha sociedade cargada de colectivos que claman dereitos, precisan solucións e loitan por manter intacta a esperanza.

O voluntariado é unha actitude ante a vida, unha expresión de participación cidadá que merece estar en todas as esferas da nosa sociedade. Para iso, pedimos a implicación do sector público e o privado porque un país que impulsa a tarefa solidaria é un país que cultiva a súa humanidade.

Nesta Día Internacional do Voluntariado invitámosvos a transformar realidades co máis valioso dos vosos recursos: o tempo.

"Facer voluntariado é querer cambiar o mundo e facelo".